Historia: Historia económica/O04G020V01103

Dirección estratéxica/O04G020V01503

Teoría da organización/O04G020V01505

Other comments

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, podéñse requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica do curso e/ou do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Achegaráselle ao alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

IDENTIFYING DATA**Creación e viabilidade de empresas**

Subject	Creación e viabilidade de empresas			
Code	004G020V01907			
Study programme	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Optional	4	2c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Organización de empresas e márketing			
Coordinator	Gueimonde Canto, Ana Isabel			
Lecturers	Domínguez Vila, Trinidad Gueimonde Canto, Ana Isabel			
E-mail	agueimonde@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
General description	Este curso está deseñado para proporcionar ao estudantado as ferramentas e coñecementos necesarios para crear novos modelos de negocio e desenvolver plans de empresa completos.			
	Resultados da aprendizaxe agardados: - Métodos e ferramentas: Coñecemento dos principais métodos e ferramentas para a creación de novos modelos de negocio e o desenvolvemento de plans de negocio. - Procedementos: Coñecemento dos procedementos necesarios para o desenvolvemento de tales métodos e ferramentas. - Aplicación práctica: A súa posta en práctica para o desenvolvemento dun proxecto de emprendemento grupal.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
B3	Habilidades relacionadas co uso de aplicacións informáticas utilizadas na xestión empresarial
B4	Poder transmitir ideas, información, problemas e situacións ao público tanto especializado como non especializado
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B10	Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados
B11	Redactar proxectos de xestión global ou de áreas funcionais da empresa
B12	Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
C1	Posuír e comprender coñecementos sobre as interrelacións existentes entre os distintos subsistemas que conforman o sistema empresarial
C5	Posuír e comprender coñecementos sobre a relación entre a empresa e o seu entorno avaliando a súa repercusión na estratexia, comportamento, xestión e sustentabilidade empresarial
C6	Posuír e comprender coñecementos sobre os distintos procesos, procedementos e prácticas de xestión empresarial
C7	Posuír e comprender coñecementos sobre as principais técnicas instrumentais aplicadas ao ámbito empresarial
C8	Aplicar os coñecementos adquiridos a futuras situacións profesionais e desenvolver competencias relacionadas coa elaboración e defensa de argumentos e resolución de problemas dentro da súa área de estudo
C11	Tomar decisións estratéxicas utilizando diferentes tipos de modelos empresariais
C13	Mobilidade e adaptabilidade a entornos e situacións diferentes
C14	Elaborar os plans e políticas nas diferentes áreas funcionais das organizacións

C15 Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética

C16 Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante

D3 Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos

D5 Motivación pola calidade e mellora continua

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
Comprender e interpretar coñecementos acerca dos fundamentos da xestión da empresa: problemas económicos internos e interrelacións entre os distintos subsistemas.	A1	B1	C1	D3
	A2	B2	C5	D5
	A3	B3	C6	
	A4	B4	C7	
	A5	B5	C8	
		B10	C11	
		B11	C13	
		B12	C14	
		B13	C15	
			C16	

Contidos

Topic	
BLOQUE I: FUNDAMENTOS	Concepto e importancia do emprendemento. A persoa emprendedora: mentalidade e tipos de persoas emprendedoras. Ciclo de vida dunha empresa: da idea á consolidación. Fontes de recursos financeiros.
BLOQUE II: A IDEACIÓN DO MODELO DE NEGOCIO	Desenvolvemento de métodos e ferramentas para identificar e validar oportunidades de negocio mediante: - Design Thinking - Business Model Canvas
BLOQUE III: O PLAN DE NEGOCIO	Do modelo de negocio ao plan de negocio. O Plan de negocio: 0. Resumo executivo 1. Oportunidade de negocio 2. Idea de negocio e proposta de valor 3. Descrición do equipo fundacional 4. Análise estratéxica e diagnose da situación 5. Plan de marketing 6. Plan de produción e operacións 7. Plan de organización e RRHH 8. Plan económico - financeiro 9. Plan xurídico 10. Plan de implantación 11. Plan de continxencias 12. Conclusións e principais implicacións. Limitacións.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	5	0	5
Flipped Learning	0	25	25
Cartafol/dossier	20	10	30
Traballo tutelado	22	30	52
Presentación	3	5	8
Exame de preguntas obxectivas	0	30	30

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Introduciranse os contidos fundamentais da materia mediante clase maxistral, apoiada con transparencias, vídeos e outros medios.
Flipped Learning	Disponibilizarase en Moovi un conxunto de materiais (conceptuais e procedementais) que é necesario consultar previamente ás clases presenciais.

Cartafol/dossier	Desenvolvemento en grupo de métodos e ferramentas para identificar e validar oportunidades de negocio mediante Design Thinking e Business Model Canvas. Tras a aplicación en grupo de cada metodoloxía, o grupo documentará a sesión de traballo nun "Documento de rexistro das principais conclusións e fitos logrados".
Traballo tutelado	Estruturación e desenvolvemento dun plan de empresa completo.
Presentación	Presentación oral dos proxectos de emprendemento, feedback e reflexión final sobre aprendizaxes.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Traballo tutelado	Tras cada entrega do alumnado, a docente corraxirá o contido do documento e achegará propostas de melloras e correccións para o seu desenvolvemento. O alumnado deberá ter en conta estas suxestións para as seguintes entregas.
Cartafol/dossier	Tras cada entrega do alumnado, a docente corraxirá o contido do documento e achegará propostas de melloras e correccións para o seu desenvolvemento. O alumnado deberá ter en conta estas suxestións para as seguintes entregas.

Avaliación						
	Description	Qualification	Training and Learning Results			
Flipped Learning	Mediante cuestionarios e tests a responder ao longo do curso, avaliarase a comprensión dos materiais e a reflexión sobre os conceptos e as metodoloxías.	10	A1 A2 A3	B1 B2 B13	C1 C5 C6 C7 C11 C15 C16	D5
Cartafol/dossier	Valorarase a calidade e profundidade da documentación das reunións de grupo.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B10 B12 B13	C1 C5 C6 C7 C8 C15 C16	D3 D5
Traballo tutelado	Avaliarase o desenvolvemento e a presentación do proxecto empresarial final.	30	A1 A2 A3 A5	B1 B2 B3 B5 B10 B11 B12 B13	C1 C5 C6 C7 C8 C11 C13 C14 C15 C16	D3 D5
Exame de preguntas obxectivas	Exame a celebrar a final de curso, na data oficial establecida polo centro. É preciso obter como mínimo un 5 sobre 10 nesta proba.	40	A1 A2 A5	B1 B2 B4 B12 B13	C1 C5 C6 C7 C11 C13	D3 D5

Other comments on the Evaluation

O conxunto de probas especificado enriba constitúe o sistema de avaliación continua (AC). Para superar a AC será obrigatoria a realización de todas as probas citadas anteriormente.

A avaliación por defecto é a AC. No entanto, o alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de avaliación global (AG). O prazo de 30 días hábiles tras o inicio do segundo cuadrimestre, mediante comunicación á docente da materia, e a través do método de comunicación que a docente estableza a comezo do curso. A escolla de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida até ese momento en calquera das probas que xa tiveran lugar.

Aclaración sobre a avaliación continua: No caso de que algún alumno/a non supere o exame tipo test para a 1ª edición da acta (é dicir, obteña unha nota inferior a 5):

- Poderá recuperar o exame suspenso na data oficial establecida para a 2ª edición de actas.
- O alumnado que se atope nesa situación terá unha cualificación de suspenso na primeira oportunidade (1ª edición da acta). A nota numérica que lle aparecería en actas na primeira oportunidade sería a correspondente á media ponderada das diferentes probas de avaliación, e en caso de que a media dese aprobado, apareceríalle unha cualificación de 4,9.

SISTEMA DE AVALIACIÓN GLOBAL (AG) PRIMEIRA PARTE DA PROBA: Exame tipo test.

Descrición: Proba obxectiva que valorará a adquisición e comprensión dos conceptos e procesos esenciais da materia.

% cualificación: 30%

% mínimo: Para a liberación desta parte da materia, o/a estudante deberá obter unha nota igual ou superior a 7 puntos (sobre 10).

SEGUNDA PARTE DA PROBA: Exame de cuestións teórico-prácticas.

Descrición: Proba que incluírá avaliación de conceptos teóricos e resolución de exercicios.

% cualificación: 70%

Aclaracións sobre a avaliación global: O estudantado que siga o sistema de avaliación global deberá obter polo menos un 7 sobre 10 no exame de preguntas test (primeira parte da proba). A nota numérica que figuraría na acta para o alumnado que non acade esta nota mínima, sería a nota obtida nesa proba, cando fose inferior a 4,9. Se esa nota fose igual ou superior a 4,9, aparecería unha nota de 4,9.

CRITERIOS DE AVALUACIÓN DA CONVOCATORIA DE SEGUNDA OPORTUNIDADE E FIN DE GRAO

Utilizarase o sistema de avaliación global descrito anteriormente.

OBSERVACIÓNS GLOBAIS

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como ☐non presentados

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos) do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/565>)

As datas e horas das probas de avaliación (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobadas pola Xunta de Facultade para o curso en vigor. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web da facultade, <http://fcetou.uvigo.es> **CONSULTA/ SOLICITUDE DE TITORÍAS** As titorías pódense consultar a través da páxina persoal do profesorado, accesible a través de <http://fcetou.uvigo.es>

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Complementary Bibliography

Amaru Maximiano, A.C., **Administración para emprendedores: Fundamentos para la creación y gestión de nuevos negocios**, 978-970-26-1130-1, Pearson, 2008

Blank, S.; Dorf, B., **The Startup Owner's Manual: The Step-By-Step Guide for Building a Great Company (TRADUCIDO ESPAÑOL: El manual del emprendedor : la guía paso a paso para crear una gran empresa)**, 9788498754223, Wiley, 2020

Jiménez Quintero, J.A., **Dirección estratégica y viabilidad de empresas**, 9788436822274, Pirámide, 2008

Meyer, P., **Emprendedores. 25 casos de éxito en el mundo empresarial**, 9788492414109, Alienta Editorial, 2009

Osterwalder, A.; Pigneur, Y., **Business Model Generation: A Handbook for Visionaries, Game Changers, and Challengers (TRADUCIDO ESPAÑOL: Generación de modelos de negocio : un manual para visionarios, revolucionarios y retadores)**, 9788423427994, John Wiley & Sons Limited, 2010

Ries, E., **Lean Startup: How Today's Entrepreneurs Use Continuous Innovation to Create Radically Successful Businesses (TRAD. ES.: El método Lean Startup: cómo crear empresas de éxito...)**, 978-8423409495, Crown Business, 2011

Rodríguez Márquez, A.; Fernández Rodríguez, Z.M.; Nieto Sánchez, M.J.; Revilla Torrejón, A.J., **Manual de creación de empresas. De la oportunidad a la puesta en marcha**, 978-8447048397, THOMSON CIVITAS, 2014

Recomendacións

IDENTIFYING DATA				
Deseño de sistemas de control orzamentario				
Subject	Deseño de sistemas de control orzamentario			
Code	004G020V01908			
Study programme	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Optional	4	2c
Teaching language	Castelán			
Department	Economía financeira e contabilidade			
Coordinator	González Sánchez, María Beatriz			
Lecturers	González Sánchez, María Beatriz			
E-mail	bgonzale@uvigo.es			
Web	http://http://bgonzale.webs2.uvigo.es/			
General description	Esta materia ten por obxectivo capacitar ao alumno na aplicación dos principios e técnicas de elaboración de orzamentos, así como as de control orzamentario.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
B3	Habilidades relacionadas co uso de aplicacións informáticas utilizadas na xestión empresarial
B4	Poder transmitir ideas, información, problemas e situacións ao público tanto especializado como non especializado
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B9	Capacidade de actuación eficaz dentro dun equipo de traballo
B10	Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados
B13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B14	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
C1	Posuír e comprender coñecementos sobre as interrelacións existentes entre os distintos subsistemas que conforman o sistema empresarial
C5	Posuír e comprender coñecementos sobre a relación entre a empresa e o seu entorno avaliando a súa repercusión na estratexia, comportamento, xestión e sustentabilidade empresarial
C6	Posuír e comprender coñecementos sobre os distintos procesos, procedementos e prácticas de xestión empresarial
C10	Valorar, a partir dos rexistros relevantes de información, a situación e previsible evolución dunha empresa
C14	Elaborar os plans e políticas nas diferentes áreas funcionais das organizacións
D1	Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results		
Capacitar ao alumno na elaboración de informes a partir da información obtida dos orzamentos	B1 B2 B3 B4 B5 B10 B13 B14	C1 C5	D1
Preparar ao alumno na determinación de desviacións, así como na análise crítica da información derivada do seu cálculo.	B9 B10	C6 C10	D1
Fomentar no alumno o razoamento con criterios económicos	B1 B4 B5 B9 B14	C5 C6 C10 C14	D1

Contidos

Topic	
Tema 1 Principios de presupuestación	-

Tema 2 O orzamento global da empresa	-
Tema 3 O orzamento de vendas	-
Tema 4 O orzamento de produción	-
Tema 5 O orzamento de aprovisionamento ou compras	-
Tema 6 O orzamento de persoal	-
Tema 7 O Orzamento de gastos de Distribución e Vendas	-
Tema 8 O orzamento de gastos financeiros e de administración	-
Tema 9 Os documentos orzamentario de sínteses	-
Tema 10 O control orzamentario: Análise das desviacións	-

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	15	59	74
Resolución de problemas de forma autónoma	4	20	24
Traballo tutelado	20	26	46
Exame de preguntas obxectivas	3	0	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	0	3

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición na aula, por parte do docente, dos contidos máis relevantes e de maior dificultade conceptual.
Resolución de problemas de forma autónoma	Proposta de exercicio teórico práctico a resolver polo alumno
Traballo tutelado	Atender de xeito individual as dúbidas dos estudantado

Atención personalizada

Methodologies	Description
Lección maxistral	Atenderase de maneira individual aos alumnos que teñan dúbidas na parte teórica da materia. Os alumnos poderán resolver as súas dúbidas nas clases teóricas en titorías inividualizadas (presenciais ou ben virtual), ou por correo electrónico. Nos casos de titorías presenciais ou por videoconferencia, a titoría farase na modalidade de concertación de cita previa.
Resolución de problemas de forma autónoma	Atenderase de maneira individual aos alumnos que teñan dúbidas na parte práctica da materia. Os alumnos poderán resolver as súas dúbidas nas clases prácticas en titorías inividualizadas (presenciais ou ben virtual), ou por correo electrónico. Nos casos de titorías presenciais ou por videoconferencia, a titoría farase na modalidade de concertación de cita previa.
Traballo tutelado	Atenderase de maneira individual aos alumnos que teñan dúbidas no traballo tutelados da materai. Os alumnos poderán resolver as súas dúbidas no traballo tutelados en titorías inividualizadas (presenciais ou ben virtual), ou por correo electrónico. Nos casos de titorías presenciais ou por videoconferencia, a titoría farase na modalidade de concertación de cita previa.

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Exame de preguntas obxectivas	Faranse probas ao longo do curso e cuestionarios en clase para a avaliación dos contidos da materia.	40	B1 C1 D1 B2 C5 B3 C6 B4 C10 B5 C14 B9 B10 B13 B14

Exame de preguntas de desenvolvemento	Fárase un mínimo de dous probas ningunha delas superará o 40% da nota final.	60	B1 B2 B3 B4 B5 B9 B10 B13 B14	C1 C5 C6 C10 C14	D1
---------------------------------------	--	----	---	------------------------------	----

Other comments on the Evaluation

A avaliación pode ser continua ou global. O/A estudante que non solicite o cambio de avaliación continua a avaliación global no prazo de 30 días hábiles a contar desde o inicio do cuadrimestre [mediante notificación por escrito ao/á coordinador/a da materia] será avaliado a través do sistema de avaliación continua.

Na avaliación continua realizaranse varias probas teórico-prácticas ao longo do cuadrimestre, que suporán o 60% da cualificación final. O 40% restante corresponderá ao exame final.

O/A estudante que opte polo sistema de avaliación global realizará un único exame teórico-práctico, que representará o 100% da cualificación final.

As normas de avaliación son as mesmas para a primeira que para a segunda oportunidade.

As datas e os horarios das probas de avaliación para as distintas convocatorias serán os que figuren no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso académico vixente.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Drury, Colin, **Management and Cost Accounting**, 9th, Cengage Learning Emea, 2015

Complementary Bibliography

ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CONTABILIDAD Y ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS (AECA), **Principios de Contabilidad de Gestión. Documento 4. "El Proceso Presupuestario en la Empresa"**, 1992

Muñiz, L., **Control presupuestario. Planificación, elaboración y seguimiento del presupuesto**, ROFIT Editorial, 2009

Nicolás, Pere, **Elaboración y control de presupuestos**, Editorial Gestión 2000., 2007

Martínez Pedrós, D. y Milla Gutiérrez, A., **Cómo elaborar y controlar los presupuestos anuales**, ESIC Editorial, 2002

Recomendacións

IDENTIFYING DATA				
Mercados financeiros				
Subject	Mercados financeiros			
Code	004G020V01909			
Study programme	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Optional	4	2c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Economía financeira e contabilidade			
Coordinator	Sánchez Fernández, Patricio			
Lecturers	Sánchez Fernández, Patricio			
E-mail	patricio@uvigo.es			
Web	http://https://patricio.webs.uvigo.es/			
General description	O obxectivo de esta materia é proporcionar ao alumnado, os coñecementos básicos e esenciais da xestión dos recursos financeiros tanto no referente a valoración dos recursos financeiros en xeral como na toma de decisións financeiras, sexan estas de inversión ou de financiamento			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
B3	Habilidades relacionadas co uso de aplicacións informáticas utilizadas na xestión empresarial
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B8	Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación
B9	Capacidade de actuación eficaz dentro dun equipo de traballo
B11	Redactar proxectos de xestión global ou de áreas funcionais da empresa
B13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B14	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
C1	Posuír e comprender coñecementos sobre as interrelacións existentes entre os distintos subsistemas que conforman o sistema empresarial
C3	Posuír e comprender coñecementos sobre os aspectos internos, funcións e procesos das organizacións incluíndo a súa natureza, estrutura, goberno, operativa e dirección.
C4	Posuír e comprender coñecementos sobre o marco económico que regula as actividades empresariais, e a correspondente normativa
C5	Posuír e comprender coñecementos sobre a relación entre a empresa e o seu entorno avaliando a súa repercusión na estratexia, comportamento, xestión e sustentabilidade empresarial
C6	Posuír e comprender coñecementos sobre os distintos procesos, procedementos e prácticas de xestión empresarial
C9	Identificar a xeneralidade dos problemas económicos que se suscitan nas empresas, e saber utilizar os principais instrumentos existentes para a súa resolución
C10	Valorar, a partir dos rexistros relevantes de información, a situación e previsible evolución dunha empresa
C11	Tomar decisións estratéxicas utilizando diferentes tipos de modelos empresariais
C12	Solucionar de maneira eficaz problemas e tomar decisións utilizando métodos cuantitativos e cualitativos apropiados, incluíndo entre eles a identificación, formulación e solución dos problemas empresariais
C13	Mobilidade e adaptabilidade a entornos e situacións diferentes
C14	Elaborar os plans e políticas nas diferentes áreas funcionais das organizacións
D1	Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial
D2	Capacidade de lideranza, incluíndo empatía co resto de persoas
D3	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
D4	Compromiso ético no traballo
D5	Motivación pola calidade e mellora continua

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results		
Xestión da información financeira e analítica da empresa	B1	C1	D1
	B3	C4	
	B13	C6	
	B14	C12	

Avaliar alternativas de planificación, dirección e control de empresas, así como saber tomar decisións estratéxicas	B2 B11 B14	C5 C9 C11 C14	D4
Capacidade de comunicación oral e escrita	B2 B5 B8 B9	C13 C14	D2 D3
Capacidade de traballo en equipo así como a nivel individual.	B9 B13	C3 C5 C10 C13	D2 D5

Contidos

Topic

Parte I: O SISTEMA FINANCEIRO: Aspectos Xerais	1. Sistema financeiro. 2. Activos financeiros. 3. Institucións financeiras. 4. Mercados financeiros.
Parte II: SISTEMA FINANCEIRO ESPAÑOL	5. Evolución e estrutura do Sistema Financeiro Español. 6. Ou Banco de España.
Parte III: INSTITUCIÓN FINANCEIRAS	A) Bancarias 7. Compoñentes e regulación legal: creación, expansión e solvencia. 8. La investimento e os servizos prestados a la clientela. 9. Os resultados de las entidades bancarias. 10. Sistema bancario: situación actual e perspectivas futuras. B) Non bancarias. 11. Establecementos financeiros de crédito. 12. El Instituto de Crédito Oficial (ICO). 13. Entidades de seguros e fondos de pensións. 14. Outros intermediarios financeiros: sociedades de garantía mutua, institucións de investimento colectivo e sociedades e fondos de capital-risco.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Resolución de problemas	15	50	65
Seminario	6	9	15
Lección maxistral	20	46	66
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Methodologies	Description
---------------	-------------

Resolución de problemas	Desenvolveranse exercicios e casos prácticos en clase
Seminario	Estableceranse traballos en equipo

Avaliación					
	Description	Qualification	Training and Learning Results		
Seminario	Realización de actividades sobre os contidos impartidos na materia	30	B1 B3 B8 B9 B13	C1 C3 C4 C5 C6 C9 C10 C11 C12 C13	D1 D2 D3 D4
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización de dúas probas parciais tipo test, sobre a teoría impartida na materia (20% cada un)	40	B11 B14	C5 C13 C14	D5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios en parellas ou de modo individual, sobre os contidos impartidos na materia	30	B1 B3 B8 B9 B13	C1 C3 C4 C5 C6 C9 C10 C11 C12 C13	D1 D2 D3 D4

Other comments on the Evaluation

O alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de **Avaliación continua** (AC), ou alternativamente optar por unha proba de **Avaliación Global** (AG).

A avaliación por defecto é a AC.

O alumnado poderá elixir AG segundo o procedemento e o prazo establecido polo centro. A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

-- **Avaliación continua.** En caso de non renunciar á avaliación continua:

Neste caso o alumnado deberá realizar unha serie de actividades e un conxunto de exercicios durante o curso que valerán o 30% da nota respectivamente. Ademais deberá realizar dous exames parciais sobre a teoría impartida, cun valor cada un do 20% da nota.

-- **Avaliación global.**

O alumnado será avaliado mediante unha proba teórico-práctica na data oficial fixada no calendario de exames da Facultade. Esta proba representa o 100% da nota.

No suposto de non superar a nota en primeira oportunidade, o alumnado poderá ser avaliado de novo na segunda oportunidade a través dunha proba teórico-práctica na data oficial fixada no calendario de exames da Facultade. Esta proba suporá o 100% da nota.

En convocatorias posteriores (fin de carreira), o alumnado poderá ser avaliado de novo a través dunha proba teórico-práctica na data oficial fixada no calendario de exames da Facultade. Esta proba suporá o 100% da nota.

En todos os casos necesitarase unha nota media igual ou superior a 5 para superar a materia. No caso de avaliación continua, será necesaria unha nota mínima de 4 en cada actividade ou parcial para que faga media co resto e unha nota media igual ou superior a 5; en caso contrario non se superará a materia.

En caso de avaliación global, necesitarase unha nota mínima de 4 en cada unha das partes da proba (teoría e práctica) para facer media, e unha nota igual ou superior a 5 para aprobar a proba de avaliación.

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como **non presentados**.

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa>)

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o presente curso. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web da Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Complementary Bibliography

PAREJO J.A.; CUERVO, A.; CALVO A.; RODRIGUEZ SAIZ, L, **Manual de Sistema Financiero Español.**, Ariel,

CASILDA BEJAR, R.; LAMOTHE FERNANDEZ, P.; MONJAS BARROSO, M, **La banca y los mercados financieros.**, Alianza Universidad,

MARTIN, M.; MARTIN, J.L.; OLIVER, M D.; DE LA TORRE, A, **La operativa en los mercados financieros: casos prácticos.**, Ariel Economía,

Recomendacións

Other comments

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación para o desenvolvemento da materia e expónse con flexibilidade, polo que pode darse o caso de que se apliquen axustes ao longo do curso académico.

IDENTIFYING DATA				
Mercadotecnia sectorial				
Subject	Mercadotecnia sectorial			
Code	004G020V01910			
Study programme	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Optional	4	2c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Organización de empresas e márketing			
Coordinator	Mazaira Castro, Andrés			
Lecturers	Fraiz Brea, José Antonio Mazaira Castro, Andrés			
E-mail	amazaira@uvigo.es			
Web				
General description	Esta materia identifica distintos campos de actividade nos que se requiren prácticas diferenciais de mercadotecnia adaptadas ás características particulares de comercialización. Estudos das estratexias de mercadotecnia adecuadas para estes tipos de empresas			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
------	--

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results
------------------------------------	-------------------------------

Contidos

Topic	
1. Mercadotecnia de servizos	1.1. Mercadotecnia turística 1.2. Mercadotecnia bancaria 1.3. Mercadotecnia sanitaria
2.- Mercadotecnia para empresas de base tecnolóxica	*
3. Mercadotecnia non lucrativa	3.1. Mercadotecnia social 3.2. Mercadotecnia nas organizacións non lucrativas 3.3.- Mercadotecnia Política
4. Mercadotecnia pública	*
5.- Mercadotecnia para empresas Industriais	*
6.- Construcción de Modelos de Negocio	*
7.- Construcción Customer Journey Map	*

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	9.5	5	14.5
Prácticas de laboratorio	22.5	18	40.5
Estudo de casos	10	14.5	24.5
Actividades introductorias	1.5	0	1.5
Presentación	0	10	10
Traballo	0	27.5	27.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	1.5	30	31.5

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia coa participación do alumnado
Prácticas de laboratorio	Resolución de casos prácticos e exercicios relacionados cos contidos da materia. Traballo en grupo. Exposición de traballos sobre a materia.
Estudo de casos	Realización de traballos sobre as aplicacións sectoriais da mercadotecnia
Actividades introductorias	Presentación da materia cos seus contidos básicos e planificación do traballo do curso
Presentación	Realización das exposicións dos traballos presentados

Atención personalizada	
Methodologies	Description
Prácticas de laboratorio	Resolución de dúbidas dos casos prácticos na aula ou no despacho.

Avaliación			
	Description	Qualification	Training and Learning Results
Prácticas de laboratorio	Asistencia, participación e desenvolvemento de casos prácticos nas clases	10	
Estudo de casos	Elaboración de traballos prácticos	10	
Presentación	Realización das exposicións dos traballos presentados	15	
Traballo	Entrega e exposición de traballos teóricos da materia	25	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame sobre os contidos da materia	40	

Other comments on the Evaluation

Aplicarase un sistema dobre de posible avaliación; podendo o alumno optar por aquel que desexe:

1) AVALIACIÓN CONTINUA

Consistirá nunha avaliación durante todo o cuadrimestre, na que se valorará a participación nas clases, o enriquecemento que se faga ao traballo conxunto nas aulas (tanto nas sesións teóricas como nas prácticas), o traballo na resolución de casos prácticos realizado polo alumnos nas clases, os traballos realizados (tanto na aula como fora dela) polos alumnos tanto dun xeito individual como en grupo, así como a presentación dos mesmos.

